

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA PARA PRESTAR UN SERVIZO DE ASESORAMENTO E ORIENTACIÓN XURÍDICA EN MATERIA DE VIVENDA.

REUNIDOS

Dunha parte, María Martínez Allegue, conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, en virtude das atribucións que lle confire o Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento (DOG núm. 73, do 14 de abril), na súa calidade de presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), segundo o artigo 4 do Decreto 143/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS (DOG núm. 101, do 27 de maio).

Doutra parte, Luis Torres Foirá, en calidade de presidente do Consello da Avogacía Galega (CAG), segundo a elección realizada polo Pleno do Consello da Avogacía Galega celebrado o día 12 de setembro de 2025.

As partes recoñécense na calidade na que respectivamente interveñen, capacidade para o outorgamento do presente convenio e, para o efecto,

MANIFESTAN

Primeiro.- Que o IGVS é un organismo autónomo adscrito á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, encargado de realizar as políticas de vivenda e solo da Xunta de Galicia, co fin de garantir os dereitos constitucionais a unha vivenda digna e adecuada, segundo dispón o artigo 3 da Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do IGVS, podendo, para o cumprimento destes fins, establecer convenios con entes públicos ou privados.

Segundo.- Que o CAG, integrado polos ilustres Colexios da Avogacía da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, ten por finalidade agrupar e coordinar os colexios integrados nel e asumir a súa representación nas cuestións de interese común perante a Xunta de Galicia e, en xeral, ante calquera organismo, institución ou persoa, física ou xurídica, en que sexa necesario para o cumprimento dos seus fins, sen prexuízo da autonomía e competencia de cada colexio.



Conforme o artigo 5.4 dos seus estatutos, entre as súas funcións atópase a de fomentar, crear e organizar institucións, servizos e actividades en relación á profesión de avogado, que teñan por obxecto a formación e perfeccionamento profesional promoción cultural, a asistencia social e sanitaria, a previsión, a cooperación e o mutualismo, o fomento da ocupación e outras actuacións convenientes, podendo establecer, para tales fins, os concertos ou acordos máis oportunos coa Administración e as institucións ou entidades que correspondan.

Terceiro.- Co fin de garantir os dereitos constitucionais a unha vivenda digna e adecuada e de ofrecer á cidadanía un asesoramento e orientación xurídica en materia de vivenda, que non estean comprendidas nas actuacións propias do servizo de asistencia xurídica gratuíta e quenda de oficio, o IGVS e o CAG levan formalizando diversos convenios nese sentido dende o ano 2020.

Cuarto.- Este convenio busca reforzar os servizos de atención xurídica no ámbito da vivenda, mediante a coordinación e prestación de asistencia legal por parte dos profesionais da avogacía galega. Os servizos necesarios para elo xa están establecidos en virtude de convenios anteriores, o que permite a inmediatez da súa posta en funcionamento.

Quinto.- As partes, sendo conscientes das constantes novidades normativas aplicables en materia de vivenda e das obrigas derivadas do seu cumprimento, teñen interese en manter a colaboración no asesoramento xurídico ás persoas físicas propietarias ou usufrutuarias afectadas pola ocupación non consentida da súas vivendas, para que saiban como actuar nestas situacións, así como ás persoas que se atopen en situación de desamparo para que non perdan a súa vivenda habitual, informándolles, no seu caso, dos programas existentes en materia de acceso á vivenda aos que poidan acollerse.

En virtude do anterior, as partes intervinientes acordan formalizar o presente convenio de colaboración, o cal se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre o IGVS e o CAG co



fin de crear as canles de información necesarias para posibilitar que as persoas físicas propietarias ou usufrutuarias de vivendas que sexan ocupadas ilegalmente saiban como actuar nestas situacións e para asesorar ás persoas en situación de desamparo para que non perdan a súa vivenda habitual e, no seu caso, informarlles dos programas existentes en materia de acceso á vivenda aos que poidan acollerse.

Non obstante, en ningún caso se consideran incluídas dentro do obxecto deste convenio as actuacións propias do servizo de asistencia xurídica gratuíta en quenda de oficio.

Segunda.- Obrigas do CAG

1. En virtude do presente convenio, o CAG asume as seguinte obrigas:

- a) Asesoramento e orientación ás persoas físicas propietarias ou usufrutuarias que se vexan afectadas por ocupación non consentida das súas vivendas, para que saiban como actuar nestas situacións.
- b) Asesoramento e orientación en todos aqueles aspectos referidos a trámites de carácter administrativo e xudicial no ámbito relacionado cos dereitos e obrigas das persoas desamparadas e en risco de perder a súa vivenda como consecuencia dun procedemento de execución hipotecaria polo impago da renda de alugueiro ou por calquera outra circunstancia imprevista ou sobrevida, sempre que esta vivenda constitúa o seu domicilio habitual e permanente.
- c) Asesoramento sobre a existencia do Programa de atención ás persoas en risco de desafiuzamento, para aos efectos da posta en marcha do protocolo de actuación existente entre o dito programa e o IGVS.

2. As obrigas de asesoramento e orientación serán desenvoltas por letrados e letradas dos colexios pertencentes ao CAG a través de:

- Asistencia telefónica (líña 900): prestarase a través dun número 900 de información, que será atendido de luns a venres, en horario de 10:00 a 14: horas e de 16:00 a 20:00 horas, e os sábados, de 10:00 a 14.00 horas.
- Asistencia por correo electrónico: realizarase a través dun formulario web para ser contestado vía correo electrónico polo letrado/a de garda en 24/48 horas.



Para atender ambos, o CAG deberá establecer unha garda diaria para a toda Comunidade Autónoma de Galicia.

3. De maneira trimestral, o CAG remitirá a IGVS un informe sobre as consultas atendidas, tanto en materia de perda de vivenda como de ocupación ilegal, con especificación, neste último caso, da localidade, rúa e número de vivendas ocupadas.

4. Para o desenvolvemento e correcto cumprimento das anteriores obrigas, o CAG asume os seguintes compromisos:

a) A xestión administrativa da prestación do servizo. Para tal fin o CAG levará a cabo, entre outras tarefas, a planificación, a coordinación e a distribución das gardas entre os colexiados; a asistencia técnico-xurídica durante as gardas por parte do departamento xurídico do consello; o soporte técnico aos letrados/as; o reenvío de consultas aos letrados/as e das respostas as persoas solicitantes; a preparación de informes e xustificacións; a xestión da aula virtual, das matrículas, das profesores e das webinars.

b) O mantemento dun sistema ofimático interno de consultas e dúbidas, e formularios en liña, así como a contratación dunha liña 900.

c) A actualización, segundo as eventuais novidades lexislativas ou xurisprudenciais, das guías para persoas con risco de perda da súa vivenda habitual e da referida aos trámites de carácter administrativo e xudicial no ámbito relacionado cos dereitos e obrigas das persoas propietarias ou usufrutuarias de vivendas ocupadas ilegalmente, elaboradas con cargo aos convenios asinados anteriormente.

e) A formación, mediante cursos, relatorios ou webinars formativos, das persoas vinculadas ás obrigas asumidas en virtude deste convenio.

f) A difusión do contido do convenio, mediante o deseño de campañas informativas, a redacción e publicación de notas de prensa, anuncios en redes sociais, etc.

Terceira.- Obrigas do IGVS

En virtude do presente convenio, o IGVS asume as seguinte obrigas:



1.- Poñer a disposición do CAG un correo electrónico para a remisión dos informes previstos no presente convenio, así as canles de información necesarias para a mellor consecución dos obxectivos do convenio.

2.- Financiar o servizo de atención xurídica de consultas e as actividades de xestión administrativa, coordinación e infraestrutura.

3.- Realizar unha campaña de difusión en medios e redes sociais dos obxectivos do presente convenio.

Cuarta.- Financiamento e xustificación do gasto

O IGVS achegará, para sufragar o custo das obrigas derivadas do cumprimento deste convenio, a cantidade máxima de 72.900 euros, impostos excluídos, con cargo á aplicación orzamentaria 11.81.451A.227.99 prevista nos seus orzamentos para 2026, distribuídos nas seguintes anualidades:

ANUALIDADES	IMPORTES
2026	20.732,96 €
2027	34.778,64 €
2028	17.388,40 €
TOTAL	72.900 €

A atención xurídica das consultas ascenderá, polos servizos de asesoramento, ata un máximo de 54.500 euros. Esta cantidade desagregarase da seguinte forma, ata a data do vencemento do convenio (31 de xullo de 2028):

- Garda semanal: 500 euros x 109 semanas: 16.000 euros.

As 109 semanas empezaran a contarse dende a data da firma do convenio.

O importe restante, que ascende a 18.400 euros, destinarase á xestión administrativa, infraestrutura, formación e difusión e distribuirase do seguinte modo:

- Xestión administrativa: 10.000 euros.

- Formación: revisión temario, webinars, clases, pago a formadores: 2.000 euros.



- Infraestrutura (liña 900, aula virtual etc.): 2.800 euros.

- Difusión (reprografía, redes, etc.): 3.600 euros.

Os servizos de asesoramento, así como resto de actuacións xustificaranse mediante a presentación da corresponde certificación de cumprimento das actividades deste convenio. O CAG realizará a xustificación do gasto, ben de xeito trimestral ou nunha única xustificación, en todo caso, antes do 27 de decembro para as anualidades do 2026 e do 2027, e antes do 27 de xullo para anualidade de 2028.

Xunto coa certificación achegaranse os xustificantes que correspondan, consonte os seguintes criterios:

- Os gastos asociados a tarefas administrativas por parte do colexio (xestión administrativa, infraestrutura e comunicacións, etc.) acreditaranse por medio de certificación do CAG.

- Os gastos de difusión acreditaranse con facturas externas.

De conformidade co previsto no artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público, o aboamento do gasto por parte do IGVS realizarase unha vez emitida por parte do CAG a correspondente factura electrónica.

Quinto.- Comisión de seguimento

Constitúese unha comisión de seguimento, integrada por dous representantes de cada unha das entidades asinantes do convenio, para a adecuada coordinación, seguimento, avaliación e cumprimento do convenio. Esta comisión reunirse a petición de calquera das partes. Ante unha petición de reunión por escrito dunha das dúas partes, a mesma deberá producirse nun prazo non superior a 15 días naturais.

As funcións da comisión de seguimento serán as seguintes:

- Efectuar o seguimento do grao de cumprimento dos obxectivos do presente convenio, así como dos compromisos das partes.

- Resolver as controversias que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio.



Sexta.- Vixencia do convenio

O convenio estará vixente dende o día da súa sinatura ata o 31 de xullo de 2028.

Sétima.- Causas de resolución

O convenio resolverase polas seguintes causas:

- O transcurso do seu prazo de vixencia.
- O acordo unánime das partes asinantes, manifestado por escrito.
- A imposibilidade legal ou material de continuar co obxecto do convenio.

O incumprimento das obrigas determinará a restitución, no seu caso, das cantidades percibidas ata ese momento ou o abono dos importes polos traballos desenvolvidos ata esa data.

Oitava.- Réxime xurídico

O presente acordo ten carácter administrativo, rexéndose para os seus efectos polas súas cláusulas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Para estes efectos, non lle será de aplicación a lexislación de contratos do sector público, conforme ao disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación supletoria dos principios da lei para resolver as dúbidas ou lagoas que se puideran presentar.

Dada a natureza xurídico pública do presente convenio, as controversias que puidesen xurdir na aplicación do convenio serán resoltas pola xurisdición contencioso administrativa.

Novena.-Protección de datos persoais

De conformidade co establecido no artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e no artigo 29 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no presente convenio e demais especificacións contidas no mesmo poidan ser



publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As partes comprométense a tratar os datos persoais que foran postos no seu coñecemento unicamente coa finalidade e alcance de executar o establecido no presente convenio, respectando os requisitos establecidos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos, en diante, RXPd) e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa concordante na materia.

Décima.- Divulgación da existencia do convenio

As partes poderán participar na promoción, divulgación e difusión das actividades e dos resultados obtidos como consecuencia da execución deste convenio mediante a correspondente publicación nas súas páxinas web e demais medios de comunicación.

En proba de conformidade, asínase o presente convenio na data sinalada electrónica.

A presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo, María Martínez Allegue

O presidente do Consello da Avogacía Galega, Luis Torres Foirá

